

ASUNTO: EXPEDIENTE DE ALLEAMENTO POR ADXUDICACIÓN DIRECTA DE EMBARCACIÓN MOURELOS DECLARADA EN SITUACIÓN DE ABANDONO E INCAUTADA POLA EPE PORTOS DE GALICIA.

ACTA DE APERTURA DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACION.

No procedemento de referencia iniciado por Resolución da Presidencia de Portos de Galicia de 13 de febreiro de 2026, e unha vez que o 13 de marzo de 2026 finalizou o prazo de presentación de ofertas segundo o anuncio publicado na WEB de Portos de Galicia e no DOGA número 39 do 27 de febreiro de 2026, se procede ás 10:00 horas do día 18 de marzo de 2026, á apertura pública das ofertas presentadas na sede dos Servizos Centrais de Portos de Galicia sitos na Praza de Europa, 5ª-6º de Santiago de Compostela.

O acto de apertura se realiza por Jesús Javier Fernández Barro, Xefe da División Xurídica de Portos de Galicia, que actúa auxiliado neste acto por Paz Novo Candal, administrativo do Departamento de Secretaría xeral e Asesoría Xurídica.

Se presentan dúas ofertas en prazo por D. Sergio González Leiro e por Dña. María Elena Matta Fernández.

En aplicación do previsto na condición Quinta do prego de condicións aplicables ao alleamento da embarcación, constatado que as ofertas se presentan en prazo, se examinan os documentos contidos en cada unha das dúas ofertas segundo o prescrito na condición cuarta do prego.

Se constata que ambas as dúas ofertas conteñen todos os anexos recollidos no prego de bases debidamente cumprimentados, e aportan tamén a garantía esixida no apartado 3 da condición 4ª do prego, garantía que é esixible de acordo co artigo 106 da Lei de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se segue a facer constar con carácter previo á apertura das ofertas, que en tanto que procedemento para solicitar ofertas cara a un alleamento directo de embarcacións que non poxa, serán admitidas todas as ofertas que cubran de inicio o tipo mínimo de taxación que se recolle no anexo V sen que polo exposto sexa preceptiva propor unha suba con respecto a dito prezo, ben que aquelas ofertas que non cubran cando menos o tipo mínimo da taxación non serán aceptadas neste procedemento e polo tanto rexeitaranse.

Dada constancia do anterior procédese á apertura das ofertas económicas que se atopan en sobre pechado:

EMBARCACIÓN MOURELOS:

Sergio González Leiro: 5.001 EUROS

María Elena Matta Fernández: 2.100 EUROS.

Dada lectura das anteriores ofertas e de conformidade coa condición quinta, por esta División Xurídica en representación do Departamento de Sª. Xeral e Asesoría Xurídica, se eleva á Presidencia da EPE Portos de Galicia para emisión de resolución a proposta de adxudicación





da embarcación MOURELOS a favor de D. Sergio González Leiro polo importe ofertado de 5.100 euros.

Faise constar que de non facerse o ingreso da cantidade ofertada dentro do prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de adxudicación que emita a Presidencia, esta perderá a súa eficacia e emitirase resolución de adxudicación a favor da seguinte oferta pola orde na que quedaran clasificados en función do prezo ofertado.

Santiago de Compostela.

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA
Servizos Centrais

Praza de Europa 5A – 6ª Planta
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 881 950 095 – F. 981 545 324
www.portosdeg Galicia.gal

